



Expediente IET: P-21-672
Proxecto: Parque eólico Xesteirón
Concellos: Chandrexa de Queixa e Montederramo (Ourense)
Promotor: Greenalia Wind Power, S.L.U.

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 30/09/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico Xesteirón.

1. Antecedentes:

Con data do 20/10/2021 o IET emitiu un informe de impacto e integración paisaxística sobre este proxecto no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe indicábase que o estudo de impacto e integración paisaxística axustábase ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008, e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008. Finalmente facíanse unha serie de consideracións para minimizar os impactos e acadar unha mellor integración paisaxística das infraestruturas.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

3. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito (data do 02/09/2022) e nun documento denominado *Respuesta al informe remitido por el Instituto de Estudios do Territorio* (data de xullo 2022, asinado o 01/08/2022). O documento presentado ten por finalidade dar resposta ás consideracións efectuadas polo IET no informe do 20/10/2021, en relación á afección sobre afloramentos rochosos e valados tradicionais de pedra,



aproveitamento dos camiños existentes evitando a apertura de novas pistas no territorio, e á aplicación de medidas de integración paisaxística no caso do edificio de control.

En relación aos afloramentos rochosos e aos muros tradicionais de pedra, a empresa comunica que se produce unha modificación do proxecto, eliminando as posicións AE-06 e AE-07, atendendo ao indicado no anterior informe do IET, así como as máquinas AE-08 e AE-09, para minimizar os impactos. Na nova alternativa establécese unha nova posición AE-03. Deste xeito o parque estaría configurado por 7 aeroxeradores (na proposta orixinal eran 10 máquinas). Así mesmo, prodúcese cambios na orientación das plataformas dos aeroxeradores. Achégase documentación gráfica coa cartografía dos afloramentos rochosos na contorna do parque, completándose a información con distintas fotografías de campo dos mesmos. Cabe sinalar que na nova localización do aeroxerador AE-03 segue a producirse afección a formacións rochosas e a valados de pedra.

Respecto aos camiños de acceso, as modificacións efectuadas reducen a afección sobre os elementos naturais e construídos de interese paisaxístico ao adaptar o seu trazado en maior medida ás pistas existentes no territorio.

No caso do edificio de control indican que se aplicarán as medidas de integración paisaxística referidas na directriz de paisaxe DX.17.c.4, ademais de preverse a execución dunha pantalla vexetal empregando especies autóctonas. Estas medidas considéranse adecuadas para mitigar a visibilidade da infraestrutura na contorna.

4. Conclusión:

As modificacións introducidas no proxecto resultan efectivas para atenuar en parte os impactos sobre os elementos naturais e construídos que caracterizan a paisaxe da contorna, principalmente debido á redución no número de aeroxeradores, o cal implica unha menor superficie de ocupación e movementos de terra, e ao deseño dos camiños de acceso aproveitando o trazado dos existentes. Non obstante, estas incidencias seguen a producirse no lugar de emprazamento da nova posición AE-03. A este respecto, deberase estudar a viabilidade dunha localización alternativa para esta máquina, como pode ser a posición AE-09 prevista na anterior configuración. De non ser viable tecnicamente esta alternativa, deberá quedar oportunamente xustificado no proxecto.

Toda vez que o proxecto ten sido modificado, o contido do EIIP deberá adaptarse ao novo deseño do parque e incluír as consideracións que se formulan neste informe, sen que sexa necesario someter a documentación a un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

